



# MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

En cumprimento do establecido na Disposición Transitoria Única da Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia, que obriga as entidades deportivas a adaptar os seus estatutos e regulamentos ao disposto na lei, a fin de que poidan proceder a solicitar a inscrición no Rexistro de Entidades de Galicia, someteuse diferentes cambios na redacción dos presentes estatutos, sendo presentados estos no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia para a súa aprobación.





## TÍTULO I

### Capítulo Primeiro: DENOMINACIÓN, DOMICILIO, OBXECTO E NATUREZA

**Artigo 1º.**– A Federación Galega de Atletismo, de agora en diante FGA, constituída o día 27 de Marzo de 1921, é unha entidade asociativa privada que carece de ánimo de lucro, e que ten por obxecto, mediante a integración de Atletas, Adestradores-Técnicos, Xuíces, Clubes e outros colectivos interesados estaturamente establecidos, que se adiquen á práctica do atletismo, o fomento, o desenvolvemento e organización con carácter exclusivo na Comunidade Autónoma de Galicia, onde ostenta, tamén con carácter exclusivo, a representación da RFEA e que ademais das atribucións de seu exerxe, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo.

**Artigo 2º.**– A FGA é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica e capacidade de obrar de seu para o cumprimento dos seus fins, que se rexe pola Lei 10/1990 de 15 de Outubro, e disposicións dictadas no seu desenvolvemento. Tamén pola Lei 3/2012 do deporte de Galicia e polos presentes Estatutos e acordos adoptados validamente polos seus órganos, sendo de aplicación en todo aquilo que non teñan regulado as disposicións legais que correspondan con total garantía dos principios democráticos e representativos.

**Artigo 3º.**– A FGA acata as regras do Comité Olímpico Español. Así mesmo a FGA acata as Normas Xerais da RFEA relativas a fichaxes, participación, inscricións, reclamacións de carácter técnico de competición, e calquera outra de ámbito nacional, no que non se opoña ao disposto nos Estatutos.

**Artigo 4º.**– O domicilio da FGA, establécese en A Coruña, Avda de Glasgow 13, Complexo Deportivo de Elviña, 15008, podendo ser trasladado a outro lugar, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, por acordo dos dous terzos da Asemblea Xeral.

**Artigo 5º.**– A F.G.A. non establecerá nin promoverá ningún tipo de discriminación entre os seus membros por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outras circunstancias de natureza individual ou colectiva

### Capítulo Segundo: FUNCIONES

#### Artigo 6º.– Funcións propias

- 1) A FGA ten como función propia fundamental a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2) A FGA, desempeña, respecto dos seus asociados, as funcións de tutela, control, coordinación e supervisión que lle recoñecen os presentes Estatutos, as disposicións da RFEA, da IAAF e as normas legais de carácter deportivo.
- 3) A FGA é a única competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais de atletismo.



- 4) A convocatoria das seleccións galegas de atletismo y a desinación dos deportistas que as integren
- 5) Colaborar coas administracións públicas e coa Real Federación Española de Atletismo, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.
- 6) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- 7) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 8) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- 9) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable.

Os actos adoptados polas FGA no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

**Artigo 7º.- Funcións públicas delegadas.** A FGA ademais das súas competencias propias de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación do atletismo, exerce en réxime de exclusividade as seguintes funcións públicas delegadas:

- a) Cualificar e organizar no seu caso as actividades e competicións de ámbito autonómico. Para estes efectos, a organización de tales competicións enténdese referida á regulación do marco xeral das mesmas, segundo se estableza na normativa federativa correspondente.
- b) Promoción xeral do atletismo en todo o territorio da Comunidade Autónoma.
- c) Representar á Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.
- d) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas de atletismo.
- e) Expedir licenzas deportivas para a práctica do atletismo nos termos establecidos nesta lei.
- f) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- g) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- h) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- i) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- j) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, as federacións deportivas galegas instruiránse





resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII desta lei.

- k) Calquera outra que regulamentariamente se determine.
- l) Calquera outra que lle sexan atribuída pola lexislación vixente.

2º.- Os actos realizados pola FGA no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso ante a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, cando as resolucións esgotan a vía administrativa.

3º.- O réxime de adopción de acordos dos órganos colexiados da FGA será comunicado a todos os estamentos a través da súa paxina [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), mediante circulares oficiais, así como a través do correo electrónico. Calquera membro da Federación Galega de Atletismo poderá exercer o seu dereito de solicitude de impugación contra un acordo contrario á normativa legalmente en vigor, ante as instancias federativas, administrativas e xurisdiccionais competentes

## Capítulo Terceiro: LICENZAS

### Artigo 8º.- Requisitos, dereitos e deberes dos colectivos federados

1. Para a participación nas actividades ou competicións atléticas oficiais de ámbito Autonómico, será preciso estar en posesión de licenza expedida pola FGA ou pola RFEA, e, polo tanto, ao corrente de pago das cotas establecidas, segundo a seguinte condición: Uniformidade das condicións económicas, en similar estamento e categoría. A súa contía será fixada pola Asemblea de FGA. As retribucións producidas por estes conceptos irán dirixidas prioritariamente a financiar a estrutura e funcionamento da FGA.

- a) Todos os membros dos diferentes estamentos (atletas, clubs, adestradores, xuíces e outros colectivos estatutariamente establecidos) que forman parte da Asemblea Xeral, deberán estar en posesión da correspondente licenza autonómica (FGA) ou nacional (RFEA)
- b) A licenza é o vínculo de integración de cada un dos membros dos diferentes estamentos coa FGA. Dita vinculación efectúase a petición propia a través da Federación Galega de Atletismo.
- c) FGA reservase o dereito, de forma previa á expedición dunha licenza de atleta, de establecer, conforme se determine regulamentariamente, a obrigatoriedade dun recoñecemento médico do deportista que determine a inexistencia de contraindicacións para a práctica do atletismo.
- d) De acordo co disposto pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos proporcionados polos estamentos físicos federativos, serán incorporados e tratados nos diversos ficheiros dos que é titular a FGA, que reúnen as medidas de seguridade de nivel básico e que se atopan inscritos no Rexistro Xeral de Datos Persoais dependente da Axencia Española de Protección de Datos. O responsable de devandito ficheiro é a FGA. A finalidade da recollida e tratamento dos datos é a de tramitar e xestionar licenzas deportivas. Devanditos datos unicamente serán cedidos e transferidos a terceiros no ámbito das competicións deportivas para





cumprir os fins que exclusivamente se deriven do exercicio das funcións e obrigacións da FGA. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na sede da FGA, sita na Avenida de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. 15008 A Coruña.

- e) A adscripción e integración na FGA a través da suscripción e renovación da lizeza federada, implica a aceptación por parte dos atletas sobre o consentimento para que na relación de inscricións de competicións e na publicación dos resultados destas, aparezan publicados os seus datos referidos ao nome, dous apelidos, número de licenza, data de nacemento e club de pertenza.
2. A perda da condición de federado producirase no momento no que expire o prazo de vixencia da licenza.
  3. Todos os membros federados da Federación Galega de Atletismo terán os dereitos e deberes que os presentes Estatutos e o Ordenamento xurídico recoñézalles ou impoña
  4. Con carácter xeral, todos os federados teñen dereito a recibir a tutela da FGA na protección e garantías dos seus intereses deportivos lexítimos, a gozar dos seus servizos, e a participar nas súas actividades e no seu funcionamento interno a través dos medios e procedementos establecidos ao efecto.
  5. Os colectivos federados deberán aceptar e cumprir os estatutos da FGA en todos os seus términos. Asemade, someterse á autoridade dos seus órganos federativos en relación coas materias do seu ámbito competencial, sen prexuízo do dereito a impugnar ou recorrer as súas decisións ante as instancias federativas, administrativas e xurisdiccionais competentes

## TÍTULO II

### ÓRGANOS DE GOBERNO, REPRESENTACIÓN E ADMINISTRACIÓN

#### Capítulo Primeiro: NORMAS XERAIS

**Artigo 9º.**– Os órganos de goberno e representación da FGA son os seguintes:

- a) A Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada
  - b) O Presidente
1. Os membros dos órganos de goberno e representación da FGA gozarán dos seguintes dereitos no exercicio dos seus cargos:
- a) Participar nas deliberacións dos correspondentes órganos, expresando as súas opinións.
  - b) Exercer o seu dereito ao voto, razoándoo no caso de emitilo de xeito particular nalgunha cuestión.
  - c) Desempeñar libremente as súas funcións en canto membros do órgano ao que pertencen.
2. En canto aos seus deberes, ademais dos que poidan establecerse por vía legal ou regulamentaria, serán os seguintes:
- a) Acudir ás sesións dos órganos aos que pertencen.
  - b) Emitir responsablemente o seu voto en todas as cuestións debatidas.
  - c) Asumir con dilixencia os labores que lles foron encomendadas.





d) Gardar segredo en todos aqueles asuntos que así o requiran.

**Artigo 10º.**– Son órganos complementarios dos de goberno e representación da FGA, para asistir ao Presidente:

- a) A Xunta Directiva.
- b) O Secretario Xeral.
- c) O Tesoureiro.

**Artigo 11º.**– Son órganos de funcionamento da FGA:

- a) O Comité Galego de Xuíces.
- b) O Comité Técnico.
- c) A Comisión de Clubes.
- d) A Comisión de Atletas.
- e) A Comisión de Adestradores.
- f) O Xuíz instructor
- g) O Comité de disciplina deportiva
- h) O Comité Autonómico de Atletas Veteranos.
- i) A Escola Galega de Adestradores

**k) Os Órganos, Comités y Comisions que considere oportunos o Presidente.**

**Artigo 12º.**– Serán órganos electivos, o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada. Os demais órganos serán designados e revogados libremente polo Presidente da FGA.

**Artigo 13º.**– Son requisitos xerais para ser membro de calquera Órgano de Goberno da FGA, sen prexuízo dos establecidos regulamentariamente, os seguintes:

- 1) Ter a condición política de galego, segundo o disposto no artigo 3 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de Abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 2) Ter acadado a maioridade.
- 3) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
- 4) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- 5) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- 6) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes Estatutos.
- 7) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

## Capítulo Segundo: A ASEMBLEA XERAL E A COMISIÓN DELEGADA

### Sección 1ª: Natureza, composición e réxime da Asemblea





**Artigo 14º:** A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da FGA, composta polo Presidente da FGA, polos representantes de Clubes, de Atletas, de Adestradores e de Xuíces.

**Artigo 15º.–** A Asemblea Xeral da FGA está integrada polos seguintes membros:

- a) O Presidente da FGA
- b) Entre o 60-75% membros representantes do estamento de Clubes
- c) Entre o 20-30% membros representantes do estamento de Atletas
- d) Entre o 5-10% membros representantes de Adestradores
- e) Entre o 5-10% membros representantes de Xuíces
- f) Outros colectivos se os houber: ata o 10%

A suma de todos os membros citados constituirá o quorum total e absoluto da Asemblea Xeral da FGA

No caso de que por algún dos Estamentos non se cubra a totalidade dos postos establecidos constituirase a Asemblea cos que queden.

**Artigo 16º.–** Os membros da Asemblea Xeral, Presidente y Comisión Delegada, serán elixidos cada catro anos, coincidindo con a celebración dos Xogos Olímpicos de Inverno, debendo prever o procedemento ordinario a súa finalización antes do 31 de Decembro do citado ano, mediante sufraxio libre, igual, directo secreto, entre e por los componentes de cada estamento atlético de acordo coas proporcións indicadas no artigo 15º destes estatutos.

As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes da finalización do mandato serán cubertas mediante o sistema que sexa establecido nos regulamentos electorais, de acordo co disposto nas disposicións legais de pertinente aplicación

## Sección 2ª.– Asemblea Xeral: Clase de reunións

**Artigo 17º.–** A Asemblea Xeral poderá reunirse:

- a) En Pleno con carácter Ordinario ou Extraordinario.
- b) En Comisión Delegada.

## Sección 3ª.– Asemblea Xeral Ordinaria. Competencias

**Artigo 18º.–**

1- A Asemblea Xeral en canto órgano máximo de goberno e representación da FGA pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre a mesma, con sometemento ás regras de competencia e procedemento.

2- A Asemblea Xeral Ordinaria terá a competencia nas seguintes materias:

- a. Aprobación do calendario deportivo, bases e regulamentos das competicións e memoria das actividades anuais.
- b. Aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio anterior.
- c. Aprobación do proxecto de Orzamento do exercicio seguinte.





- d. Análise, e no seu caso aprobación das propostas presentadas pola Xunta Directiva e os membros da Asemblea Xeral, presentadas na forma e condicións que regulamentariamente se determinen.
- e. A aprobación do gravame ou alleación dos bens inmobles da FGA, cando o importe da operación sexa igual ou superior ao 10% do seu orzamento ou 55.000 euros. Este acordo necesitará un mínimo de 2/3 dos votantes presentes.
- f. A elección e cesamento dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral así como a provisión de vacantes que se produzan do mandato, na forma legal e regulamentariamente se determine.

As materias enumeradas baixo os apartados a), b) e c), deberán ser tratadas preceptiva e inexcusablemente unha vez ao ano en Asemblea Xeral Ordinaria.

A documentación relativa ós apartados a), b) e c) deberá ser enviada ós membros da Asemblea Xeral, polo menos, con sete días de antelación á data de celebración.

## Sección 4ª.- Asemblea Xeral Extraordinaria: Competencias

**Artigo 19º.-** A Asemblea Xeral reunirse en sesión Extraordinaria cantas veces sexa preciso, a iniciativa do Presidente da FGA ou da Comisión Delegada, por acordo adoptado por maioría, ou a petición dun número de membros da Asemblea Xeral non inferior ao 30% nos termos regulados regulamentariamente.

Con carácter enunciativo e non limitativo a Asemblea Xeral en sesión Extraordinaria terá as seguintes competencias:

- a. Aprobar a Convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidente, nos termos que legal e estatutariamente estean regulados.
- b. O voto de censura ao Presidente na forma regulada nos presentes Estatutos. Este acordo precisará un mínimo dos 2/3 dos votos presentes.
- c. Decidir sobre a proposta de cambio de domicilio de FGA.
- d. Calquera outro asunto que non estea expresamente atribuído polos presentes Estatutos a outro órgano.
- e. A disolución e liquidación da FGA nos termos regulados nos presentes Estatutos.
- f. A aprobación e modificación dos Estatutos da FGA Este acordo necesitará como mínimo de 2/3 dos votos presentes.

## Sección 5ª.- Comisión Delegada da Asemblea Xeral: Competencias. Quorum para a adopción de acordos. Réxime

### Artigo 20º.-

1- A Comisión Delegada da Asemblea Xeral, composta por dez membros elixidos entre os Estamentos de Clubes, Atletas, Adestradores, e Xuíces da Asemblea Xeral, ademais do Presidente da FGA, reunirse como mínimo, unha vez cada catro meses, e terá as seguintes competencias:

- a) A Elaboración dun informe previo á aprobación do orzamento do exercicio seguinte.





- b) O seguemento da actividade atlética e xestión económica da FGA, mediante a elaboración dun informe anual á Asemblea Xeral sobre a memoria de actividades e a liquidación de contas do exercicio anterior.
- c) A modificación do calendario atlético.
- d) A modificación do orzamento.
- e) A aprobación e modificación dos Regulamentos da FGA.
- f) Autorizar o gravame ou alleamento dos bens inmoables da FGA, sempre que o importe da operación sexa inferior ao 10% do seu orzamento ou 55.000 euros. Este acordo precisará un mínimo de 2/3 dos votos presentes.
- g) A Asemblea Xeral poderá encomendar expresamente á Comisión Delegada calquera outra cuestión que non sexa competencia exclusiva da mesma.

2.- A proposta sobre os asuntos numerados baixo os apartados c), d) e e) corresponden exclusivamente ao Presidente da FGA ou ós dous terzos dos membros da Comisión Delegada.

## Artigo 21º.-

1- A asistencia a reunións da Comisión Delegada non é delegable, e será obrigatoria. A falta de asistencia sen justificación durante tres sesións consecutivas ou cinco alternas dun membro da Comisión Delegada ás reunións da mesma, presentarase á Asemblea Xeral para cesalo e cubrir a súa vacante se houberse lugar.

2- As vacantes que se produzan de cada estamento poderán ser substituídas anualmente por e de entre os membros da Asemblea Xeral, pertencentes ao mesmo estamento no cal se produciu a baixa.

3- Para a constitución, elección, renovación e funcionamento da Comisión Delegada da Asemblea Xeral, estarase ao disposto nos presentes Estatutos e ao que legal e regulamentariamente se determine.

## Sección 6ª.- Do Réxime das convocatorias á Asemblea Xeral e Comisión Delegada. Constitución da reunión

### Artigo 22º.-

1.- A Asemblea e a Comisión Delegada deberán ser convocadas coa seguinte antelación mínima respecto á data prevista para a súa celebración.

- a) A Asemblea Xeral Ordinaria 15 días naturais e a Extraordinaria 10 días naturais.
- b) A Comisión Delegada da Asemblea ha de ser convocada polo menos con sete días naturais.

2.- De atoparse reunidos, aínda que fose sen previa convocatoria, a totalidade dos membros da Asemblea Xeral ou da Comisión Delegada, por acordo unánime poderán constituírse en sesión, e en tal caso, aprobar en primeiro lugar a orde do día da reunión.

3.- Na convocatoria será preciso facer constar os puntos da orde do día, con expresión do día, hora de cada unha das dúas convocatorias e lugar de celebración da reunión. En todo caso deberá incluírse na orde do día da Asemblea Xeral a aprobación da acta anterior reunión e a designación de dous delegados escrutadores.



4.- A convocatoria realizarase mediante notificación remitida ós membros integrantes da Asemblea Xeral e Comisión Delegada.

**Artigo 23º.**– Para que as sesións da Asemblea Xeral e a Comisión Delegada queden validamente constituídas, será preciso que asistan, en primeira convocatoria, como mínimo, a metade dos seus membros de pleno dereito. En segunda convocatoria, en canto á Asemblea Xeral, quedará constituída calquera que sexa o número de asistentes, e en canto á Comisión Delegada deberán concorrer, polo menos un terzo dos seus membros e como mínimo media hora máis tarde de ambos supostos.

**Artigo 24º.**– As votacións no seo da Asemblea Xeral e Comisión Delegada da FGA, realizaranse na forma e pola orde que a Presidencia estableza, sendo ésta a que ha decidir se han ser ordinarias, nominais ou secretas, se polo menos o vintecinco por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidirse por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada. No caso de empate o voto do Presidente será de calidade.

**Artigo 25º.**– De todos os acordos adoptados na Asemblea Xeral e Comisión Delegada, redactarase acta polo Secretario das mesmas, especificando o nome das persoas que tiñesen intervido e as demais circunstancias que se consideren oportunas, contido dos acordos adoptados o resultado das votacións, e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os omíta de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

**Artigo 26º.**– Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, serán vinculantes e de obrigado cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a FGA e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.

**Sección 7ª.**– Do cesamento dos membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada

**Artigo 27º.**– Os membros da Asemblea Xeral e a Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Por defunción.
- b) Por disolución da entidade á que representan ou non renovación da súa licenza federativa.
- c) Por expiración do mandato para o que foi elixido.
- d) Por renuncia voluntaria ou dimisión.
- e) Por incorrer en causa de inexibilidade ou incompatibilidade legal ou estatuaría.
- f) Por sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que ostenta.

## Capítulo Terceiro: O PRESIDENTE

**Artigo 28º.**– O Presidente da FGA, que o será tamén da Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada e Xunta Directiva, é o órgano executivo da mesma que asume a





súa alta dirección en todos os asuntos que o requiran segundo os Estatutos e os acordos dos órganos de Goberno.

**Artigo 29º.**– O Presidente terá as seguintes funcións e atribucións:

- a) Ostentar a representación legal da FGA, ante os membros integrantes da Federación e ante toda clase de autoridades, organismos, tribunais, entidades, corporacións e particulares.
- b) Convocar e presidir os órganos de goberno e representación da FGA con voto de calidade en caso de empate na adopción de acordos, e executar os mesmos, asumindo a presidencia dos devanditos órganos.
- c) Estimular e coordinar a actuación dos distintos órganos federativos.
- d) Ordenar os pagos a nome da Federación, asinando co Tesoureiro e/ou Secretario Xeral ou persoa expresamente designada polo Presidente para substituílos.
- e) Coidar de que os órganos federativos axusten a súa actuación ao disposto nestes Estatutos e nos Regulamentos que os desenvolven.
- f) Conferir poderes especiais ou xerais a Letrados, procuradores ou calquera outra persoa mandataria para que ostente a súa representación legal, tanto en xuízo como fóra del.
- g) Convocar a Asemblea Xeral, a súa Comisión Delegada, a Xunta Directiva e os demais órganos complementarios dos de goberno, que presidirá.
- h) Nomear e cesar ós Delegados das Delegacións da FGA.
- i) Designar ao Secretario Xeral e ao Tesoureiro.
- j) Designar e cesar ós membros da Xunta Directiva e dos demais órganos non electivos da FGA e crear e suprimir órganos, comisións o comités e nomear e cesar os seus membros.
- k) Propoñer á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:
  1. A modificación do calendario deportivo
  2. A modificación dos orzamentos
  3. A aprobación e modificación dos Regulamentos
- l) Ademáis todas aquelas atribucións conferidas por todos os órganos superiores de goberno e as que se deriven dos presentes Estatutos e as Leis.

**Artigo 30º.**– O Presidente será elixido cada catro anos, concidindo cos anos que se celebren os Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto polos membros da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa. Non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación na que se integre o devandito club. No caso de que, excepcionalmente, quede baleira a Presidencia antes de que transcorra o prazo, dos catro anos mencionados, a Asemblea Xeral procederá a unha nova elección para cubrir a devandita vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ao mandato ordinario, sempre que este prazo sexa superior a seis meses dentro de cuxo prazo as funcións da Presidencia serán realizadas pola Xunta Xestora á que se refire o art. 59 destes Estatutos.

**Artigo 31º.**– O procedemento de elección do Presidente, axustarase ao previsto no Regulamento de Eleccións á que se refiren os Artigos correspondentes.





**Artigo 32º.**– O Presidente cesará no seu cargo:

- a) Polo cumprimento do prazo para o que resultou elixido.
- b) Polo falecemento ou incapacidade física ou mental declarada legalmente.
- c) A petición propia.
- d) Por aprobación de moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Por ocupar cargo directivo en entidade ou Clubes suxeito á disciplina federativa ou en asociación deportiva allea ao atletismo.
- f) Polas demais causas que determinen as Leis.

**Artigo 33º.**– A moción de censura ao Presidente, que será construtiva, deberá ser solicitada por un terzo dos membros da Asemblea Xeral. A moción de censura será presentada de forma razoada ao Presidente, quen deberá convocar, con carácter extraordinario, a Asemblea Xeral, para que a mesma se reúna nun prazo máximo de 30 días naturais, coa moción como único punto da Orde do Día. A notificación desta sesión extraordinaria, será tamén con 10 días naturais, polo menos, de antelación.

De o Presidente non convocar á Asemblea Xeral, a convocatoria correspondente poderá ser solicitada á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. A sesión da Asemblea Xeral na que se debata a moción de censura, será presidida polo membro de máis idade.

## Capítulo Cuarto: A XUNTA DIRECTIVA

**Artigo 34º.**– A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da FGA así como de asistencia ao Presidente, sendo os seus membros designados e revogados libremente polo Presidente da Federación, que a presidirá.

**Artigo 35º.**– A Xunta Directiva da FGA comporase a criterio do Presidente, por un número de membros non inferior a 5 nin superior a 15, incluído el mesmo, dos que todos terán voz e voto. Non terán voto os cargos remunerados.

**Artigo 36º.**– A Xunta Directiva estará presidida polo Presidente da FGA e composta por:

- a) Un ou máis Vicepresidentes.
- b) O Secretario Xeral.
- c) O Tesoureiro.
- d) Os vocais.

**Artigo 37º.**– Os membros da Xunta Directiva que non sexan da Asemblea Xeral terán acceso ás sesións da Asemblea Xeral, co dereito a voz pero sen voto.

**Artigo 38º.**– O Presidente, Vicepresidente, Secretario Xeral e o Tesoureiro da Xunta Directiva e os Presidentes das Delegacións, non poderán ocupar cargo directivo ningún nas asociacións deportivas adicadas ao deporte atlético, salvo ao da representación que ostenten os órganos superiores de goberno. Ocupar cargos directivos noutras Federacións deportivas, por parte do Presidente ou Directivo da FGA ou Presidente de Delegación, será causa de incompatibilidade: exceptúase a Real Federación Española de Atletismo.





**Artigo 39º.**– É competencia da Xunta Directiva:

- a) Preparar as ponencias e documentos que sirvan de base á Comisión Delegada da Asemblea para que a mesma exerza as funcións que lle corresponden.
- b) Preparar as ponencias e documentos que sirvan de base á Asemblea Xeral, para que a mesma exerza as funcións que lle corresponden.
- c) Preparar ponencias e documentos á Comisión Delegada, para a aprobación dos Regulamentos internos da FGA e os relativos á os Órganos, Comisións, Comités e Escola Galega de Adestradores
- d) Propoñer o traslado de domicilio da FGA dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) A Elaboración do proxecto do orzamento da FGA para a súa presentación á Asemblea Xeral.
- f) Colaborar co Presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da FGA e na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno e representación da mesma.
- g) Aprobar o balance de gastos e ingresos das distintas actividades que desenvolvan os distintos Órganos, Comités, Comisions e Escola Galega de Adestradores

**Artigo 40º.**– Os Vicepresidentes colaborarán co Presidente da FGA no desempeño dos cometidos que lles encomende e substituirano en todos os casos de ausencia ou enfermidade pola súa orde. Os vocais da Xunta Directiva cooperarán na xestión dos asuntos que á mesma corresponden e desempeñarán as misións que se lles encomende por acordo desta ou do seu Presidente.

**Artigo 41º.**– Poderán asistir ás reunións da Xunta Directiva, se son chamados polo seu Presidente, con voz pero sen voto, os representantes dos órganos federativos que non formen parte da mesma, así como aquelas persoas que o seu informe poida ao seu xuízo, resultar conveniente en relación co punto ou puntos determinados da Orde do Día.

**Artigo 42º.**– A Xunta Directiva reunirse, como mínimo unha vez cada catro meses. A convocatoria, que corresponde ao Presidente, deberá ser notificada ós seus membros polo menos, con 7 días naturais de antelación, salvo casos de urxencia, acompañando a Orde do Día.

As sesións convocadas en caso de urxencia, serán sempre notificadas, polo menos, con 48 horas de antelación.

**Artigo 43º.**– A validez das reunións da Xunta Directiva, requirirán que concorran en primeira convocatoria a maioría dos seus membros, e en segunda, un terzo dos mesmos. Os seus acordos tomaranse por maioría.

**Artigo 44º.**– Os membros da Xunta Directiva cesarán:

- a) Por defunción.
- b) A petición propia.
- c) Revogación do nomeamento por parte do Presidente.
- d) Por expiración do prazo de mandato do Presidente da FGA.
- e) Incorrer en causa de inelxibilidade.
- f) Incorrer nunha das causas de incompatibilidade cando non renunciaren a actividade ou cargo incompatible.





## Artigo 45º.- Réxime de responsabilidade dos presidentes e dos membros das xuntas directivas das federacións autonómicas.

1. Os presidentes e os membros das xuntas directivas ou dos órganos de dirección que se puidesen establecer estatutariamente serán persoalmente responsables, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros:

- a) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflicta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.

En consonancia coa Lei 3/2012 do deporte de Galicia, a FGA non incluírá ningunha proba no calendario oficial de competicións que se celebren no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que exista previamente o aval documental asinado polo patrocinador e/ou organizador, no formato aprobado pola súa Xunta Directiva, e que permita facer fronte aos gastos xerados pola súa organización. Nese documento especificaranse as condicións e momentos en que se deberá abonar os custos á FGA.

- b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.

- c) En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

2. A responsabilidade descrita na liña anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.

3. A responsabilidade regulada neste artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incurrir, e que se esixirá consonte as disposicións xerais desta lei.

## Capítulo Quinto: O SECRETARIO XERAL

**Artigo 46º.-** O Secretario Xeral da FGA, que vén sendo tamén o da Asemblea Xeral, Comisión Delegada, da Xunta Directiva e dos demais Órganos, Comités e Comisións da FGA asisitirá ao Presidente da FGA en todas as actividades propias do seu cargo.

**Artigo 47º.-** Ao Secretario Xeral, correspóndelle exercer as funcións de federatario e asesor da FGA, a preparación e despacho material dos asuntos así como a dirección e organización das funcións administrativas. Asumirá a xefatura do Personel, sen prexuízo das facultades de Delegación que en tal sentido lle corresponda.





**Artigo 48º.**– Ao Secretario Xeral, como Secretario nato dos Órganos, Comisións, Comités e Escola Galega de Adestradores, da F.G.A, que asisite ás reunións con voz pero sen voto, salvo que pertenza de pleno dereito ós mesmos, correspóndelle:

- a) Informar verbalmente ou por escrito, contestando ás consultas que se lle fagan sobre os asuntos pendentes nos órganos da FGA e dos que forma parte e das reunións que celebren os distintos órganos Federativos.
- b) Redactar acta de todos os acordos e unha vez aprobados, asinar co VºBº dos respectivos Presidentes e pasalos ós libros correspondentes.
- c) Expedir as certificacións da FGA.
- d) Coordinar a actuación dos distintos órganos da FGA.
- e) Emitir os informes que lle soliciten.
- f) As funcións que lle encomenden as normas regulamentarias da FGA.
- g) Custodiar os libros de Actas e Rexistros da FGA.
- h) Remitir á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, no prazo de 15 días, a partir da celebración. O Secretario Xeral poderá delegar o exercicio das súas funcións noutros funcionarios da FGA ou entre os membros dos Órganos, Comisións e Comités, se fose preciso, ou no caso de ausencia ou enfermidade.

## Capítulo Sexto: O TESOUREIRO

**Artigo 49º.**– Ao Tesoureiro da FGA, correspóndelle

- a) Gardar os fondos federativos e ter ao día a contabilidade e vixiar por ela, axustada ás normas de adaptación do Plano Xeral de Contabilidade ás Federacións Deportivas.
- b) Custodiar os libros e documentos relativos á contabilidade da FGA vixiando a súa exacta levanza.
- c) Coidar de que os pagos que ordee o Presidente correspondan cos gastos autorizados no Orzamento.
- d) Cobrar cantidades e asinar os recibos correspondentes.
- e) Elaborar o anteproxecto do orzamento para a súa análise e aprobación pola Xunta Directiva e Asemblea Xeral e confeccionar o Balance con especificación e desglose de gastos e retribucións.
- f) Exercer a inspección económica da Federación propoñendo medidas disciplinarias en caso de infracción.
- g) Exercer de Tesorero de todos os órganos de funcionamento, Comisións, Comités, e Escola Galega de Adestradores

## Capítulo Sétimo: O/A DIRECTOR/A TÉCNICO/A

**Artigo 50º.**– Ao Director Técnico correspóndelle exercer a dirección e organización das funcións técnicas da FGA. O Director Técnico asistirá á Xunta Directiva e Asemblea Xeral, con voz, pero sen voto, salvo que pertenza de pleno dereito ás mesmas.

Ao Director Técnico correspóndelle:

- a) Realizar propostas de actividades, a desenvolver pola F.G.A, tales como: calendario de competicións, concentracións, proxecto de promoción, cursos de reciclaxe e formación de técnicos.





- b) Elaborar as normas técnicas das competicións, incluídas as propias das Delegacións.
- c) Seleccionar ós atletas das distintas seleccións autonómicas.
- d) Elexir ós Técnicos que integrarán a Comisión Técnica da FGA que presidirá.
- e) Informar á Xunta Directiva, Comisión Delegada e Asemblea Xeral sobre o desenvolvemento das actividades que se atopan baixo a súa dirección.

## Capítulo Oitavo: OS ÓRGANOS DE FUNCIONAMENTO

**Artigo 51º.**– Ós órganos de funcionamento da FGA rexeranse polo disposto nestes Estatutos e os seus regulamentos respectivos, propostos polos membros de cada un deles, e presentados polo Presidente da FGA á Comisión Delegada para a súa aprobación. Estes regulamentos regularán tanto os cometidos e o funcionamento da Comisión ou Comité como os dereitos e obrigas dos membros de cada estamento.

**Artigo 52º.**– Ós Órganos, Comisions, Comités y Escola Galega de Adestradores compoñeranse de : Un Presidente e tres Vocais, como mínimo e sete como máximo, nomeados polo Presidente da FGA.

**Artigo 53º.**– Ós Órganos, Comisions, Comités y Escola Galega de Adestradores reuniranse con carácter ordinario, polo menos, unha vez ao ano, podendo facelo con carácter extraordinario se son convocados polo seu Presidente ou á proposta da metade máis un dos seus Vocais.

**Artigo 54º.**– Ós Órganos, Comisions, Comités y Escola Galega de Adestradores consideraranse validamente constituídos se foron convocados polo seu Presidente con, polo menos, 48 horas de antelación e asisten a metade máis un dos seus compoñentes. Quedarán, non obstante, validamente constituídos, aínda que non se tivesen cumprido os requisitos de convocatoria, se concorren todos os seus membros e así o acordan por unanimidade.

**Artigo 55º.**– Ós Órganos, Comisions, Comités y Escola Galega de Adestradores son órganos consultivos da FGA e informarán á Xunta Directiva de todos os acordos Así mesmo, as Comisións e Comités poderán formular propostas á Xunta Directiva para a súa consideración pola Asemblea Xeral.

**Artigo 56º.**– A previsión de gastos ordinarios para o desenvolvemento das súas actividades formarán parte do orzamento xeral da FGA O balance de gastos e ingresos das distintas actividades que desenvolvan os distintos Órganos, Comités, Comisións y Escola Galega de Adestradores, deberán ser aprobados pola Xunta Directiva e a Comisión Delegada da F.G.A. e controladas polo Tesorero da F.G.A. O Secretario Xeral e o Tesorero da FGA, o serán tamén dos distintos órganos de goberno, Comisións, Comités e Escola Galega de Adestradores, podendo delegar as súas funcións.

## Capítulo Noveno: NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO





**Artigo 57º.**– En todas as reunións dos órganos de Goberno, Representación e Administración da FGA cada membro terá dentro do Organismo en que forme parte voz e voto, con excepción dos supostos que se establecen nos presentes Estatutos. Os acordos serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple, salvo naqueles casos en que sexa precisa maioría cualificada, de conformidade cos presentes Estatutos.

**Artigo 58º.**– As decisións dos órganos da FGA surtirán efecto dende o día seguinte á súa notificación, salvo disposición expresa en contra.

**Artigo 59º.**– De todos os acordos dos órganos colexiados da FGA, redactarase acta polo secretario do órgano do que se trate, especificando o resultado da votación e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado e cantas circunstancias se consideren oportunas.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que puidesen derivarse, no seu caso, dos acordos dos órganos colexiados. Todos os acordos dos órganos superiores colexiados de goberno e representación da FGA serán públicos, salvo cando os mesmos decidan, excepcionalmente o contrario, por unha maioría de tres cuartas partes dos seus membros.

### TÍTULO III. A XUNTA XESTORA

**Artigo 60º.**– De quedar vacante o cargo de Presidente antes da finalización do seu mandato natural, constituírse unha Xunta Xestora, composta polos membros da Xunta Directiva, co obxecto de exercitar as facultades propias da Presidencia de forma interina e para convocar eleccións, seguindo as prescricións do Regulamento electoral, no prazo máximo de trinta días. A Xunta Xestora designará, de entre os seus membros, a un Presidente e os seus acordos reflectiranse no correspondente libro de actas da FGA.

Se os membros da Xunta Directiva non quixesen facerse cargo desta misión deberán dimitir dos cargos que ostenten e asumir tal cometido, a título de Xunta Xestora, os membros da Comisión Delegada. Realizadas as eleccións, o novo Presidente terá un mandato coa duración igual ao tempo que reste por cumprir ao seu predecesor, transcorrido o cal deberán convocarse novas eleccións.

### TÍTULO IV AS ELECCIÓNS Á ASEMBLEA XERAL, Á PRESIDENCIA E Á COMISIÓN DELEGADA

#### Capítulo Primeiro: Normas xerais

**Artigo 61º.**– Son órganos electivos O Presidente, a Asemblea Xeral e a súa Comisión Delegada.

**Artigo 62º.**– Cada catro anos, coincidindo cos anos anteriores dos Xogos Olímpicos de Inverno, a Xunta Directiva da FGA convocará as eleccións á Asemblea Xeral constituíndose de inmediato en Xunta Xestora.

**Artigo 63º.**– O regulamento electoral regulará as seguintes cuestións:





- a) Calendario electoral: prazos, requisitos para presentación e reclamacións de candidatos así como sistemas de desempate y reclamacións-
- b) Horario de apertura ao público da sede federativa
- c) Situación e horario da mesa electoral. No caso de existir varias mesas electorais, e para os efectos de remisión do voto por correo por parte da Secretaría Xeral para o Deporte, a FGA deberá sinalar unha única mesa para a recepción deses votos.
- d) Sistema de elección, composición, competencias e funcionamento da xunta electoral e das mesas electorais, así como o lugar data e hora de realización do sorteo para a constitución desta última.
- e) Censo electoral, dividido por circunscricións electorais. No estamento de clubs reflectirá separadamente aqueles membros considerados como membros natos da assemblea xeral, así como o baremo aplicado para a súa designación. Ademais, establecerase o mínimo de competicións para a súa elección
- f) Regulación do voto por correo.
- g) Número de membros da assemblea e distribución dos mesmos por Estamentos.
- h) Sistema de elección dos membros non natos da assemblea xeral.
- i) Sistema de elección do presidente
- j) Composición e sistema de elección da Comisión Delegada
- k) Procedimiento de resolución de conflitos, reclamacións e recursos.
- l) sistema de substitución dos membros da assemblea que perderon a condición pola que foron elixidos.
- m) Forma e condicións de realización de eleccións parciais par acubrir as posibles vacantes que se produzan na assemblea xeral
- n) Modelo de sobres e papeletas.

O Presidente da FGA., convocará Asemblea Xeral en sesión Extraordinaria, para aprobación do Regulamento e Calendario Electoral, constituíndose de inmediato en Comisión Xestora. En devandita data quedará públicamente exposta a convocatoria, xunto co presente Regulamento, en todos os lugares nos que está previsto constituir Mesas Electorais.

Tamén expoñeranse nos citados lugares os censos provisionales de electores de cada un dos estamentos deportivos, correspondentes o sua jurisdicción.

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da assemblea xeral, presentarase na Dirección Xeral para o Deporte, quen resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a adecuación do mesmo á normativa electoral de aplicación.

## Artigo 64º. Circunscricións electorais

1.- As circunscricións electorais para os Estamentos de Clubs, Atletas, Adestradores e Xuices será a Provincia.

### Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:





a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (atletas, técnicos e xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á da data de convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior (xuíces e atletas) ou estar afiliado á Escola Galega de Adestradores (EGA) durante a tempada anterior.

b) No caso do estamento de clubs: aqueles clubs, que estean inscritos, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos, deberán de ter participado nun mínimo de 200 actuacións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente 30 delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aqueles clubs que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral ou, sucesivamente, pola Comisión Delegada e Xunta Directiva .

3. Os membros da federación que pertencen a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, corresponderá ao ano de maior antigüedad de cada estamento.

4.- Se un membro electo da Asemblea Xeral perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, acadando o seu lugar o seguinte clasificado nas eleccións á Asemblea

## Artigo 65º.- Xunta Electoral

1.- A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral Extraordinaria entre as persoas que presenten a súa candidatura. Poderá asistir á Xunta Electoral, como secretario de Actas, un membro da Federación con voz e sen voto, designado pola Asemblea Xeral Extraordinaria. Ós elixidos se lles facilitará as dietas correspondentes.

2.- Os membros da Xunta Electoral deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente
- c) Non presentarse como candidato a Membro da Asemblea Xeral
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Deportiva correspondente





- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva

3. No caso de non presentación de candidatos a Membros da Xunta Electoral, o Presidente da Federación proporálle a Asemblea os membros necesarios para completar a que deberan reunir os requisitos definidos no punto anterior

4. Actuará como presidente e secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade respectivamente. As decisións da Xunta Electoral tomaranse por maioría de votos. A Asistencia á xunta electoral é obrigatória salvo causa xustificada

5. No acto de sorteo designaranse, ademáis, o número de suplentes establecidos no regulamento electoral para supostos de enfermidade ou calquera outra causa excepcional.

#### 6. Funcións da Xunta Electoral

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral e Presidente da Federación, segundo o disposto no Regulamento Electoral
- c) Designar a/s Mesa/s Electoral/is, de conformidade co previsto no Regulamento Electoral da Federación
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos exixidos así como o resto da Documentación electoral
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral
- f) Coñocer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral

#### 7.- Composición e competencias das mesas electorais

En cada circunscrición electoral constituirase unha Mesa Electoral para a elección dos Membros da Asemblea dos diferentes Estamentos. Estará radicada na sede de cada Delegación e nos lugares que se indique no Regulamento Electoral da Federación.

Cada Mesa Electoral estará composta por tres membros titulares (1 Presidente, 1 Secretario e 1 Vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral, entre os integrantes do Censo de cada Circunscrición electoral, se é o caso. Serán Presidente e Secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A Asistencia ás Mesas Electorais é obligatoria e recollerase no Regulamento Electoral, salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral. A non asistencia a estas poderá dar lugar a apertura de expediente disciplinario de conformidade co establecido na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.





Así mesmo, en cada Mesa Electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de Electores, que serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 24 horas do día da celebración das respectivas votacións. A Xunta Electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción deste voto a sede central da Federación Galega de Atletismo

## 8.- Son competencias da mesa electoral

- a) Comprobar a identidade dos votantes
- b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada para os efectos
- c) Proceder a contaxe de votos
- d) Levantar Acta dos votos emitidos, resultados, etc, así como das incidencias e reclamacións, se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato

9.- A Acta será subscrita por tódos os membros da Mesa Electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á Xunta Electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)

10.- Por parte da Federación fixarase o importe dos distintos gastos ocasionados os integrantes da Mesas Electorais..

Cando proceda a elección de Presidente, constituirase a Mesa Electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da Asemblea. O Primeiro actuará como Presidente e o segundo como secretario. Así mesmo e ata que conclua a elección de Presidente, exercerán funcións de Presidente e Secretario da Asemblea.

## Artigo 66º.- Sistema de votación

1.- As votacións á membros da Asemblea realizaranse en urnas separadas por Estamentos. A votación desenvolverase sen interrupción durante o horario que se fixe na súa convocatoria. Sóamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse a votación. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos, nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a Xunta Electoral fixará unha data para a nova votación.

2.- O voto efectuarse mediante papeleta oficial debéndose marcar na mesma o (os) nome(s) da súa preferencia, entre os candidatos aceptados para cada un dos estamentos. Cada elector poderá marcar na súa papeleta de votación tantos





candidatos como postos correspondan ó seu estamento na circunscrición electoral que lle pertence, poidendo, se así o desexa, marcar un número inferior. En todo caso consideraranse nulas as papeletas na que figure marcados máis candidatos que postos correspondan.

3.- O dereito de votar será acreditativo pola inscrición no Censo Electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, Pasaporte tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular) , e documento que acredite ter licenzia deportiva en vigor. No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

## Artigo 67º. Presentación dos candidatos

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo mínimo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.
2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.
3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

## Artigo. 68º.- Desempate de votos

No caso de empate para a elección dos representantes a Asemblea establécese o seguinte procedemento:

- a) *PARA REPRESENTANTES DE CLUBES* terá prioridade o que dispoña de maior número de licenzias na tempada anterior. No segundo lugar se persiste o empate, segundo a maior antigüedad do club. Se persistira procederíase a un sorteo.
- b) *PARA REPRESENTANTES DE ATLETAS*. Terá prioridade o atleta en disposición de licenzia federativa máis antiga.
- c) *PARA REPRESENTANTES DE ADESTRADORES*. Terá prioridade o adestrador en disposición da licenzia da ENE máis antiga.
- d) *PARA REPRESENTANTES DE XUCES*. Terá prioridade o xuíz en disposición



## Artigo 69º. Votación a membros da Asemblea Xeral

1.- O acto de votación de membros da Asemblea Xeral terá lugar o día y hora que se indique no regulamento electoral.

2.- A hora fixada o presidente da Mesa anunciará en voz alta que vai rematar a votación e preguntará se algún dos electores presentes non votou todavía, admitindo o voto dos mesmos que non o tiveran feito non permitindo a entrada no local de ningún máis.

3.- Cando o número de candidatos coincida ou sexa inferior ó número de membros qua hai que elixir, non será precisa a celebración das eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ó procedemento electoral

## Artigo 70º. Voto por correo

1.- Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea dos Estamentos integrados por persoas físicas

2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.

A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de





maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urgente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría xeral para o deporte

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4

15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo

Reverso:

Nome e apelidos do remitente

Estamento de XXX

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urgente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

## Artigo 71º.- Recursos ante a Xunta Electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.

Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

## Artigo 72º.-Elección do Presidente da FGA





1.- De conformidade, e no prazo de 2 días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros da Asemblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física membro da asemblea xeral ou non, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá, previa ou simultaneamente, cesar nesta.

O Presidente sainte da federación será membro da nova Asemblea Xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado non resultar elixido.

2. A presentación de candidaturas para Presidente da Federación farase na sede oficial da federación ou nas súas delegacións, mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, facendo constar a condición de membro de pleno dereito da Asemblea Xeral.

3.- Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org). Podéanse presentar impugnacións a esta no prazo definido no regulamento electoral e como mínimo de 2 días hábiles. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo máximo dos 2 días hábiles seguintes.

A Xunta Electoral, se é o caso, publicará no día seguinte día hábil, a lista definitiva de candidatos a Presidencia da Federación

Contra as resolucións da Xunta Electoral poderá interpoñerse recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

## Artigo 73º.- Sistema de votación para a elección do Presidente da FGA

1.- No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea Xeral en primeira ou segunda convocatoria, tendo como únicos puntos do día a elección de Presidente e da Comisión Delegada da Federación. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección

2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido na orde do 8 de setembro de 2010, pola que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais das federacións deportivas galegas (DOG número 174 do 9 de setembro de 2010)

3.- Comezada a sesión e constituída a Mesa Electoral, o Presidente procederá a presentación dos candidatos, os que, se así o requiren, exporán os seus programas





durante un tempo de 5 minutos cada un. A continuación procederase á votación, que será secreta.

4.- A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un dos candidatos.

5.- O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.

a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contan cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.

b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo máximo de 3 horas, resultando elixido o que obteña maioría de votos.

6.-Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.

7. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido o candidato de maior idade.

8. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.

9. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

10.- Rematada a elección, á Acta do resultado desta será remitida á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resolto estes, a Xunta Electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Dirección Xeral para o Deporte, no prazo máximo de 10 días.

11.- Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a Comisión Xestora deberá poñer a disposición deste, no prazo máximo de 5 días hábiles, desde a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á Federación.





levantando Acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Dirección Xeral para o Deporte.

12.- Tras a súa proclamación, o Presidente designará os demais Órganos e Comités de acordo cos Estatutos da Federación, debendo comunicarlle a súa composición á Dirección Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

## Artigo 74º.- Elección dos membros da Comisión Delegada:

1. A Comisión Delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da Federación como membro nato desta.
2. A Comisión Delegada da Asemblea Xeral estará composta por 10 membros (máis o Presidente da F.G.A.) elixidos por entre os compoñentes de cada un dos Estamentos da mesma.

A composición da Comisión Delegada será a seguinte:

O Presidente da F.G.A.  
6 Clubs  
2 Atletas  
1 Xuíz  
1 Adestrador

Cada un dos membros electos da Asemblea Xeral poderá ser candidato para formar parte da Comisión Delegada da Asemblea Xeral, en representación da seu estamento)

3. Serán elixidos membros da Comisión Delegada os que obteñan o número máis elevado de votos por casa Estamento, ata completar aos correspondentes membros por cada un deles.

En caso de empate entre os candidatos do Estamento de Clubs, sairá elixido o Club que tivese maior número de licenzas a tempada anterior. En caso de empate entre os candidatos do Estamento de Atletas, sairá elixido o atleta con licenza federativa máis antiga. Para o Estamento de Adestradores, o de título de Adestrador mais antigo. Para o Estamento de xuíces, o Xuíz con Licenza máis antiga

En caso de non resolverse o empate coa aplicación das normas anteriores, resolverase en todos os casos a favor do de máis idade.

## Artigo 75º.- Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.





Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

2. Os prazos para formalizaren estes recursos serán de un mínimo de dous días hábiles dende o seguinte ao da notificación do acordo expreso da correspondente Xunta Electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interpoñer o recurso
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g) Lugar, data e sinatura.

## TÍTULO V.-

### OS CLUBES, ATLETAS, ADESTRADORES, XUÍCES E OUTROS COLECTIVOS

**Artigo 76º.**– Os Clubes, atletas, adestradores, xuíces e outros colectivos, integraranse a petición propia, na FGA, a través da Delegación que lles corresponda, pola súa situación xeográfica e o seu domicilio legal, sempre que se axusten á lexislación vixente e se comprometan a cumprir os Estatutos e Regulamentos da FGA e a someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

**Artigo 77º.**– Para a autorización ou denegación da integración doutros colectivos na FGA, terase en conta os seguintes criterios:

- a) O interese deportivo do colectivo para o desenvolvemento do Atletismo.
- b) A existencia do correspondente recoñecemento legal da actividade.
- c) A aprobación pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva co quorum esixido para a modificación de Estatutos.

A integración efectuarase a petición propia cos mesmos criterios e requisitos que para os restantes colectivos, coas particularidades que lles estime propias a Asemblea Xeral ou se establezan regulamentariamente.

**Artigo 78º.**– A integración na FGA producirase mediante concesión por parte desta da correspondente licenza federativa. A devandita concesión será acordada pola Xunta Directiva da Delegación a que corresponda. A súa denegación que haberá de ser motivada, será recorrible ante a Xunta Directiva da FGA





**Artigo 79º.**– Todos os membros da FGA teñen o dereito a recibir a tutela da mesma con respecto ós seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas súas actividades, e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes Estatutos, e cos Regulamentos internos daquela.

Os membros da FGA, teñen á súa vez, o deber de acatar os acordos dos seus órganos, sen prexuízo de recorrer ante as instancias federativas competentes, e no seu caso, ante a Comisión de arbitraje que no seu momento se estableza, e no seu defecto o que resolva ao respecto o Organismo competente da Xunta de Galicia. Os Clubes quedan obrigados a facilitar á FGA a asistencia dos seus atletas ás convocatorias que han ter lugar para formar parte das distintas seleccións galegas. Así mesmo os atletas quedan obrigados a participar (salvo lesión ou outra causa xustificada,) en todas as convocatorias de seleccións galegas.

## TÍTULO VI

### Capítulo Primeiro: O RÉXIME ECONÓMICO O PATRIMONIO E OS RECURSOS ECONÓMICOS

**Artigo 80º.**– O Patrimonio da FGA está integrado polos bens e dereitos que lle corresponden na súa titularidade.

**Artigo 81º.**– Os recursos económicos da FGA están constituídos por:

- a) As subvencións ordinarias ou extraordinarias da Xunta de Galicia e da RFEA
- b) As subvencións e donativos doutros organismos oficiais, entidades ou particulares.
- c) As herdanzas, legados e doacións que se lle otorguen.
- d) Os avais feitos efectivos, cando non proceda regulamentariamente a súa anulación.
- e) As cotas das licenzas dos seus afiliados (atletas, adestradores, xuíces, clubs e colectivos interesados estatutamente establecidos) e dereitos que se aproben pola Asemblea Xeral, así como os recargos de mora e as multas ou calquera outra sancións de carácter pecuniario.
- f) As cotas e dereitos de inscrición das competicións incluídas no calendario oficial da FGA.
- g) As cotas de amortización de anticipos e préstamos concedidos pola Federación con cargo ós seus recursos: as rendas de inmobles e dos valores da súa carteira, xuros de conta corrente e produtos de alleacións de bens adquiridos con recursos propios.
- h) Os froitos, rendas e xuros dos seus bens patrimoniais.
- i) Préstamos e créditos que se lle concedan.
- j) Os beneficios que produzan os actos deportivos que organice a FGA.
- k) Os beneficios que produzan as actividades que desenvolva.
- l) Calquera outro tipo de retribución que non se opoña ao propio carácter da FGA.

### Capítulo Segundo: O ORZAMENTO

**Artigo 82º.**– A vida económica da FGA axustarase ao orzamento que se aprobe na Asemblea Xeral, sendo obrigatorio facelo durante o último trimestre do seu exercicio





económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que ás subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación

A administración do orzamento responderá ao principio de caixa única, debendo adicar as retribucións de seu de forma prioritaria ós seus gastos de estrutura. Para estes efectos a Xunta Directiva presentará anualmente á Asemblea Xeral Ordinaria o oportuno proxecto. Ao devandito proxecto acompañarase:

- a) O estado de diferencia en relación co orzamento vixente e Memoria explicativa do mesmo.
- b) O avance da liquidación do orzamento do ano.

**Artigo 83º.**– Os proxectos do orzamento presentaranse nivelados e clasificados por capítulos, artigos e conceptos. As partidas autorizadas no orzamento de gastos teñen carácter limitativo e polo tanto, non poderán acordarse gastos que excedan das previsións.

**Artigo 84º.**– A aprobación de gastos e ordenación de pagos corresponderá ao Presidente da FGA.

Os actos de disposición de bens inmoables, concerto de préstamos, emisión de títulos transmisibles de débeda e parte alícuota patrimonial, precisarán a aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria, requirindo o voto favorable dos 2/3 dos asistentes.

**Artigo 85º.**– O saldo final do exercicio dos orzamentos liquidados figurará no seguinte Orzamento ordinario.

## Capítulo Terceiro: O BALANCE E CONTABILIDADE

**Artigo 86º.**– A Xunta Directiva presentará o Balance para a súa aprobación pola Asemblea Xeral Ordinaria, con suficiente especificación de partidas e dentro deses conceptos concretos de modo que se traduza non só o déficit, superávit ou equilibrio no seu conxunto, senón tamén o das diversas partidas e conceptos. Cada exercicio económico da federación iniciárase cada 1 de xaneiro e pechará o 31 de decembro do mesmo ano.

**Artigo 87º.**– Pola FGA levaranse os libros de contabilidade de aplicación ao sistema oficial contable, así como os de carácter auxiliar que estimen oportunos, axustándose ás normas de adaptación de Plano Xeral de Contabilidade co fin de que poida coñecerse en calquera momento o estado de contas.

Nos libros de Contabilidade figurarán tanto o Patrimonio como os dereitos e obrigas, retribucións e gastos con especificación da orixe daqueles e o destino destes.

**Artigo 88º.**– Os fondos depositaranse necesariamente en conta corrente, nun establecemento bancario ou caixa de aforros, a nome da FGA. Non obstante poderá conservarse en caixa as sumas que, dentro do límite que direccionalmente sinala o Presidente, se consideren precisas para atender pequenos gastos. As disposicións de





fondos con cargo ás devanditas contas correntes, deberán autorizarse por dúas sinaturas de entre as do Presidente e as persoas autorizadas por el mesmo.

## TÍTULO VII O RÉXIME DOCUMENTAL

**Artigo 89º.**– A FGA haberá de levar polo menos, ademais dos correspondentes libros de contabilidade e auxiliares ós que se refire o Artigo 89 dos presentes Estatutos, os correspondentes de Rexistro de Delegacións de Rexistro de Clubes, de Actas e Inventario de bens mobles e inmobles.

**Artigo 90º.**– O libro de Rexistro das Delegacións deberá reflectir as denominacións das mesmas, ámbito territorial, o seu domicilio e os nomes e apelidos dos cargos de representación con especificación da datas de toma de posesión e cesamento dos mesmos.

**Artigo 91º.**– Nos libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral, a Comisión Delegada, a Xunta Directiva, e demais órganos colexiados, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán suscritas en todo caso polo Presidente e o Secretario.

**Artigo 92º.**– Os libros federativos quedarán custodiados no domicilio da FGA a disposición dos membros integrados nela, para o seu exame ou consulta.

## TÍTULO VIII O RÉXIME DISCIPLINARIO

**Artigo 93º.**– Constituída a organización deportiva da FGA, en base á afiliación voluntaria dos seus compoñentes, todos eles recoñecen a súa disciplina e quedan obrigados a acatar as decisións dos seus órganos disciplinarios que deberán actuar de acordo coa Lei Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia e posteriores regulamentos que se desenvolvan, podendo impugnalas a través dos recursos que legalmente procedan. A a a aa

**Artigo 94º.**– Son órganos competentes para exercer a potestade disciplinaria da FGA:

- Os xuíces, durante o desenvolvemento das competicións, con arranxo ás regras establecidas nas disposicións do regulamento técnico de atletismo.
- O Xurado de Apelación da competición, nos casos que estea designado.
- O Xuíz Instructor
- O Comité de Disciplina Deportiva

O exercicio da potestade disciplinaria deportiva corresponderá, fora da competición, en primeira instancia ao Xuíz Instructor. Despois ao Comité de Disciplina Deportiva cúa resolución esgota a vía federativa. Contra esta resolución caberá interpor recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

**Artigo 95º.**– O Comité de Disciplina Deportiva estará constituído por tres membros, de entre os cales se nomeará un Presidente, asistidos polo Secretario Xeral da FGA ou





persoa designada polo mesmo, que actuará, con voz pero sen voto, como Secretario do mesmo. Os tres membros designaraos o Presidente da FGA.

As actas e informes subscritos polos xuíces constitúen – medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións ás mesmas subscritas polos propios xuíces, ben de oficio, ben a solicitude do Comité de Disciplina Deportiva

Na apreciación das infraccións referentes á disciplina deportiva, as decisións do xuíz sobre os feitos relacionados coa competición son definitivas presumíndose certas, salvo erro material manifesto

**Artigo 96º.**– Todo o relativo ao réxime disciplinario da FGA, tipificación de faltas e sancións, competencias dos órganos disciplinarios da FGA e normas de procedemento será establecido regulamentariamente, de conformidade co disposto polan Lei Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia.

**Artigo 97º.**– Consideranse faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas na Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia.

**Artigo 98º.**– Fronte as resolucións dos órganos disciplinarios federativos, poderase facer un recurso ao Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia.

**Artigo 99º.**– Natureza e clasificación das infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.

2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.
- b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público.
- c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
- d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, do encontro ou da competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
- e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- f) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.





- g) A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, dos encontros ou das competicións.
- h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

### 3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
- c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
- d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

### 4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) A incorrección co público, cos compañeiros e cos subordinados.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

### Artigo 100º.- Sancións.

#### 1. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:

- a) Multa en contía non superior a 1.500 euros.
- b) Perda de puntos ou postos de clasificación.
- c) Perda de ascenso de categoría ou división.
- d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
- e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.
- f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá





- acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
- g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
  - h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.
2. Pola comisión de faltas graves impoñeranse as seguintes sancións:
- a) Amoestación pública.
  - b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.
  - c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.
  - d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.
3. Pola comisión de faltas leves impoñeranse as seguintes sancións:
- a) Apercibimento.
  - b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.
4. As federacións deportivas poderán establecer un sistema de infraccións e sancións que, como mínimo, deberá recoller o disposto nesta lei.
5. As multas só se lles poderán impoñer ás entidades deportivas e aos que, conforme esta lei, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

## Artigo 101º.- Principio de proporcionalidade.

- 1. No establecemento de sancións pecuniarias deberase prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.
- 2. Na determinación do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.
- 3. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
- 4. En función das circunstancias previstas nas alíneas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

## Artigo 102º.- Circunstancias modificativas da responsabilidade.





1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión da infracción.
2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.
3. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

#### **Artigo 103º.-** Causas de extinción da responsabilidade.

A responsabilidade disciplinaria extínguese:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
- d) Por prescrición das infraccións ou sancións.

#### **Artigo 104º.-** Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
2. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómtese no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
3. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comezase.

#### **Artigo 105º.-** Non poderán impoñerse mais dunha sanción polos mesmos feitos.

**Artigo 106º.-** As disposicións disciplinarias teñen efecto retroactivo en canto favorezan ó infractor, aínda que no momento de publicación das disposicións mais favorables houberse recaído sanción firme.

**Artigo 107º.-** Non poderá impoñerse sanción algunha por accións ou omisións non tipificadas como infracción con anterioridade ao momento de producirse, nin tampouco poderán impoñerse sancións que non sexan establecidas por norma anterior á comisión da infracción-

**Artigo 108º.-** A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas nestes estatutos e no regulamento de réxime disciplinario que o desenvolva axustaranse aos procedementos previstos no Capítulo IV do título VII da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia."





## TÍTULO IX A CONCILIACIÓN EXTRAJUDICIAL

**Artigo 109º.**– As cuestións litixiosas de natureza xurídico deportiva, expostas ou que poidan expoñerse entre os Atletas, Técnicos-Adestradores, Xuíces, Clubes e demais partes interesadas, poderán seren resoltas mediante a aplicación de fórmulas específicas de conciliación ou arbitraje, nos termos e baixo as condicións que a lexislación correspondente estableza sobre da materia.

**Artigo 110º.**– Para estes efectos a FGA establecerá regulamentariamente o sistema de conciliación ou arbitraje. O convenio arbitral formalizarase por escrito e no mesmo, expresarse a renuncia á vía xudicial e a obriga das partes de cumprir a decisión de arbitraje nos termos que resulten de aplicación, de conformidade coa lexislación correspondente.

## TÍTULO X A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

**Artigo 111º.**– Os Estatutos da FGA unicamente poderán seren modificados por acordo da Asemblea Xeral, previa inclusión expresa na orde do día. Acompañarase á convocatoria o texto da modificación.

**Artigo 112º.**– A proposta de modificación dos Estatutos á Asemblea Xeral poderá ser realizada:

- a) Por unha cuarta parte dos membros da Asemblea Xeral.
- b) Pola Comisión Delegada.
- c) Pola Xunta Directiva.
- d) Por tres cuartas partes dos membros de un dos colectivos dos estamentos da Asemblea Xeral, sempre que se trate de artigos que afecten directamente ao devandito estamento.

**Artigo 113º.**– Aprobada a modificación dos Estatutos, esta entrará en vigor a partir do momento no que sexa ratificada polo Organismo competente da Xunta de Galicia.

## TÍTULO XI DISTINCIÓNS

**Artigo 114º.**– Para premiar os méritos relevantes na orde deportiva, contraídos por cantas persoas, entidades e clubs estean relacionados co deporte atlético, ben sexan nacionais ou estranxeiros, a FGA poderá outorgar recompensas honoríficas que distinguan o labor que en pro do atletismo se queira premiar.

Estableceranse regulamentariamente a clase de recompensas, os méritos precisos para a súa consecución e o relativo á súa solicitude e concesión.

## TÍTULO XII





## DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA FGA

**Artigo 115º.**– A FGA extinguirase polas seguintes causas:

- Por acordo dos dous terzos dos votos da totalidade dos membros da Asemblea Xeral, ratificada polo Organismo competente da Xunta de Galicia.
- Pola revogación do seu recoñecemento polo Organismo competente da Xunta de Galicia.
- Por resolución xudicial firme.
- Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega
- Polas demais causas previstas no ordamento xurídico.

**Artigo 116º.**– Unha vez acordada a disolución da FGA procederase á liquidación do patrimonio da mesma. Para tal fin, a Asemblea Xeral deberá elixir unha comisión liquidadora que constará de sete membros, con idénticos criterios de proporcionalidade e elección da Comisión Delegada. A devandita comisión liquidadora someterá a proposta de liquidación á aprobación da Asemblea Xeral, que se levará a efecto por maioría simple dos seus membros.

**Artigo 117º.**– Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto será destinado ós fins de carácter deportivo que determine o Organismo competente da Xunta de Galicia. No non previsto nestes, a Administración autonómica daralle o destino que lle corresponda

O incumprimento do deber de disolver a federación deportiva cando sexa legalmente procedente dará lugar á esixencia das responsabilidades que correspondan ás persoas titulares dos órganos competentes, sen prexuízo do dereito do correspondente órgano administrativo a instar a súa disolución

## TÍTULO XIII ESTRUCTURA TERRITORIAL DA FGA

**Artigo 118º.**– A FGA estrutúrase territorialmente en Delegacións. Cada Delegación quedará integrada por Clubes, Atletas, Adestradores, Xuíces e outros colectivos interesados estaturamente establecidos que correspondan ao límite xeográfico fixado pola Asemblea Xeral.

**Artigo 119º.**– As Delegacións axustarán a súa actividade ás normas dictadas polos órganos de goberno e funcionamento da FGA. As Delegacións facilitarán á FGA toda a información que esta lle requira sobre as súas actividades.

**Artigo 120º.**– Os Delegados federativos serán nomeados e cesados polo Presidente da FGA de acordo co Artigo 29º apartado h) dos presentes Estatutos.

A composición do Equipo Directivo e a competencia do mesmo, será libre facultade do Delegado federativo.

## DO RÉXIME ECONÓMICO DAS DELEGACIÓNS

**Artigo 121º.**– Os pagos dos custos xerados nas Delegacións, ben en estrutura ou pola actividade deportiva desenvolvida serán efectuados e controlados desde a sede





# Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deport. de Elviña. Teléf.: 981291683.  
Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net). Páxina Web:  
<http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



central da FGA a través do único departamento de tesourería e contabilidade, agas os excepcionais pagos efectuados en metálico. Así mesmo todos os ingresos xerados por calquera das actividades propias das delegacións serán canalizados a través do sistema de conta única bancaria da FGA.

**Artigo 122º.**– As Delegacións axustarán a súa actividade económica ao réxime de orzamentos e informarán do mesmo á FGA. En calquera caso, en consonancia coa Lei 3/2012 e co indicado no artigo 45º apartado 1a, destes estatutos non poderán organizar ningunha competición sen que exista previamente o aval documental asinado polo patrocinador e/ou organizador, no formato aprobado pola Xunta Directiva e Comisión Delegada da FGA.

DILIXENCIA para facer constar que os presentes  
Estatutos da entidade: FEDERACION  
GALEGA DE ATLETISMO  
foron ratificados e inscritos co núm. F-00324 no  
Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de  
conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do  
deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).

Santiago, a 2 de ABRIL de 20 13

